

RESOLUCIÓN DO 18 DE MARZO DE 2025 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE POLA QUE SE CONVOCA A COBERTURA CON CARÁCTER TEMPORAL DUN POSTO DOCENTE A TEMPO COMPLETO DA MATERIA DE PSICOLOXÍA DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA DE OURENSE .

Polo RD 1558/1986 do 28 xuño (BOE nº 182 do 31 de xullo) establécense as bases xerais do réxime de concertos entre as Universidades e as Institucións sanitarias

O decreto 242/2008 do 9 de outubro (DOG núm. 211 do 30 outubro) regula a natureza, os fins e os órganos de goberno das escolas universitarias de enfermería dependentes da Consellería de Sanidade.

Na Orde do 3 de setembro de 2009 recóllese a delegación da presidencia dos padroados das escolas universitarias de enfermería dependentes da Consellería de Sanidade en Ourense e A Coruña.

Tendo en conta o anterior, e en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 145/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio de 2024), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Orde do 22 de abril de 2020 (DOG núm. 82, do 29 de abril) de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, e no Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG núm. 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do sistema público de saúde de Galicia, o xerente da Área Sanitaria de Ourense, Verí e O Barco de Valdeorras

RESOLVE:

Convocar unha praza vacante de posto docente a tempo completo na materia de Psicoloxía

BASES:

Primeira. Obxecto e características da praza e funcións do posto de traballo:

O obxecto da presente convocatoria é a cobertura, da praza vacante de posto docente a tempo completo, da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense, cuxo horario será de mañá (8 a 15 horas) e/ou tarde (15 a 22h). O desempeño do posto terá carácter exclusivo e as funcións a desempeñar serán as relacionadas co posto.

As retribucións a percibir serán as establecidas para este posto na Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal da Administración Autonómica de Galicia vixente en cada momento.

As funcións a desempeñar serán as seguintes:

- Coordinar a programación e desenvolvemento das ensinanzas teóricas e prácticas de acordo con plan de estudos vixente, na materia obxecto da convocatoria
- Coordinar e impartir a ensinanza na materia obxecto da convocatoria, así como colaborar en actividades docentes propias doutras materias da área de coñecemento
- Colaborar coa dirección do Centro no desenvolvemento da actividade docente e no seguimento do Título
- Colaborar na actividade práctico-clínica na súa área de coñecemento.
- Calquera outra función que lle delegue a dirección ou encomenden as disposicións legais vixentes

Segunda. Requisitos para participar na convocatoria

Poderán participar na presente convocatoria as/os interesadas/os que na data de finalización do prazo para a presentación de instancias reúna os seguintes requisitos:

De carácter xeral:

- Estar en posesión dunha praza en propiedade no Servizo Galego de Saúde na Área Sanitaria de Ourense na categoría do grupo A2 (Enfermeira/o) ao peche da convocatoria.
- Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo da Administración do Estado, da Administración Autónoma Institucional ou Local, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Debe posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que deriven do correspondente nomeamento
- Atoparse en situación de servizo activo como persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde na Área Sanitaria de Ourense e acreditar dez anos de experiencia asistencial na categoría do grupo A2 (Enfermeira/o).

De carácter específico:

- Posuír a titulación de Doutora/or

Terceira. Solicitudes e documentación.

As/os aspirantes en participar na convocatoria deberán presentar a solicitude, segundo o modelo de instancia que se adxunta no anexo I, que se facilitará na Escola Universitaria de Enfermería de Ourense ou na Dirección de RRHH da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras. Tamén estarán accesibles na web da Escola de Enfermería Ourense no apartado “Novas”, así como na paxina web do Servizo Galego de Saúde.

Xunto coa solicitude, deberá achegarse a seguinte documentación acreditativa dos requisitos e méritos das/dos interesadas/os:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento equivalente que acredite a identidade, debidamente compulsado
- No caso de titulacións extracomunitarias ou obtidas noutro Estado membro da Unión Europea, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título para efectos profesionais, respectivamente
- Certificación acreditativa dos distintos servizos prestados, na que conste a categoría profesional e servizos e as datas de presentación de servizos, facendo constar que se atopa en situación de servizo activo na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
- Currículum Vitae, onde consten os méritos avaliábles conforme a orde e estrutura disposta no anexo II da convocatoria, e documentación acreditativa dos mesmos mediante documento orixinal ou fotocopia compulsada.

Os documentos acreditativos do currículum vitae, presentaranse encadernados e foliados, na mesma orde e referencia que aparece no currículum, con separatas en cada apartado. Todos os documentos deberán acreditarse coa certificación da actividade correspondente.

- O Proxecto docente referido a materia, debe incluír: Propósito xeral da materia, resultados de aprendizaxe e competencias, metodoloxías docentes e avaliación.

O proxecto presentarase en sobre pechado e terá unha extensión máxima de 20 páxinas, letra Arial, tamaño de fonte 11 e entreliñado de 1,5.

Dito proxecto será conforme coa Memoria do título de Graduado/a en Enfermería pola Universidade de Vigo. A información da Memoria e das materias pódese atopar na páxina web da Escola.

<http://euenfou.webs.uvigo.es/index.php/marco-organico/memoria-vixente>

Só se terán en conta os méritos que as/os interesadas/os reúnan na data de publicación da convocatoria e acrediten no prazo de presentación de instancias.

No caso de insuficiente acreditación documental dos requisitos de admisión esixidos na convocatoria, poderán ser emendados no prazo que estableza a lista provisoria de admitidas/os e excluídas/os, de acordo co establecido na base sexta da convocatoria. Para os efectos de acreditación dos méritos poderase solicitar a ampliación ou aclaración da documentación as persoas aspirantes aspirantes.

As solicitudes e a documentación anexa, presentaranse en calquera dos rexistro da Área Sanitaria incluído no rexistro da secretaría administrativa da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense, situada na planta soto -3, do Edificio Santa María Nai, Rúa Ramón Puga 52-54, C.P. 32005, e demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dirixidas a o Xerente da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios e na páxina web da Escola Universitaria de Enfermería, así como nos taboleiros da Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras e na páxina web do Sergas

Será causa de inadmisión ao proceso de provisión a presentación extemporánea da solicitude polo/a interesado/a.

Cuarta. Sistema de selección

-A selección de aspirantes á praza convocada será polo procedemento de concurso de méritos segundo o baremo establecido no anexo I desta convocatoria.

A puntuación total que as/os aspirantes poderán acadar neste proceso selectivo será de 100 puntos, detallado no anexo I.

A comprobación posterior do incumprimento de calquera dos requisitos esixidos para as/os aspirantes nesta convocatoria, dará lugar, por resolución motivada, á exclusión da/o aspirante ou, no seu caso, á revogación da adxudicación e nomeamento, se estes xa se tivesen efectuados.

Quinta. Comisión Técnica

Para a selección das/os aspirantes constituirase unha Comisión Técnica, que terá finalidade de avaliar a competencia das/os candidatas/os e os méritos presentados, e elevar a proposta ao Xerente da Área

Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

Esta Comisión axustará a súa actuación ao disposto na normativa vixente sobre órganos colexiados. A efectos de comunicación, a Comisión terá a súa sede na Escola Universitaria de Enfermería Ourense.

A comisión Técnica estará integrada por cinco membros designados da seguinte maneira:

- Presidente Titular: Xerente da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
- Presidente Suplente: Dirección de Recursos Humanos da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
- Vogal Titular: Directora da Escola Universitaria de Enfermería Ourense.
- Vogal Suplente: Secretaria Académica da Escola Universitaria de Enfermería Ourense
- Vogal Titular: Directora de Enfermería Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
- Vogal Suplente: Subdirectora de Enfermería Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
- Delegado/a da Universidade Vigo.
- Representante do Profesorado a tempo completo nos órganos de goberno da Escola.

A comisión será asistida por un/unha secretario/a, designado/a polo órgano convocante, con voz pero sen voto, que levantará acta das reunións da comisión

Os membros da comisión deberán absterse de intervir, notificando ao Xerente cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, d o 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 26, do 2 de outubro).

Os/as aspirantes poderán recusar os membros da Comisión cando o seu xuízo concorran as citadas circunstancias.

Sexta. Procedemento e tramitación.

1. Todas as publicacións relativas ao desenvolvemento do proceso realizaranse nos taboleiros de anuncios da Escola Universitaria de Enfermería Ourense e na páxina web da Escola de Enfermería, así como nos taboleiros da Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras e na páxina web do Sergas
2. Rematado o prazo de presentación das solicitudes, o Xerente da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, ditará resolución coa relación provisional de aspirantes admitidas/os e excluídas/os, indicando neste último caso a causa da exclusión. Para estes efectos a estimación ou desestimación das reclamacións presentadas, entenderanse implícitas na publicación da resolución definitiva
3. As/os aspirantes, nun prazo de 5 días hábiles, contados dende o seguinte a publicación poderán presentar reclamacións que consideren oportunas, ou emendar o defecto que motivou a exclusión ou a omisión.
4. Transcorrido este prazo, a Comisión Técnica resolverá as reclamacións presentadas e publicará a relación definitiva de aspirantes admitidas/os e excluídas/os ao proceso selectivo.
5. A Comisión Técnica procederá a valorar os méritos aportados polos/as solicitantes segundo os criterios recollidos no anexo I.

6. Rematada a fase de avaliación dos méritos, publicarase a relación provisional de puntuacións desagregadas obtidas polos/as aspirantes. As persoas interesados disporán de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para presentar as reclamacións motivadas que estimen pertinentes, que serán resoltas pola comisión de valoración. Para estes efectos a estimación ou desestimación das reclamacións presentadas, entenderanse implícitas na publicación da resolución definitiva
7. Desde o día seguinte á finalización do período de reclamacións, a Comisión redactará unha acta na que se reflectirá a listaxe definitiva coa puntuación acadada por cada unha das persoas concursantes segundo o baremo establecido e formulará a súa proposta de resolución, na que figurará a persoa candidata ou candidatas seleccionadas por orde de puntuación.

De producirse empate na puntuación, a orde desempate será a seguinte:

1. Pola orde de maior a menor puntuación obtida pola persoa interesada no apartado titulación/formación académica.
2. Pola orde de maior a menor puntuación obtida pola persoa interesada no apartado docencia universitaria
3. De maior a menor idade.


Sétima. Resolución

A resolución definitiva será publicada de acordo co establecido na base sexta punto 1, e indicará as puntuacións definitivas ou que se declara deserta a convocatoria.

No caso da non superación do período de proba por parte da persoa aspirante seleccionado nos termos do artigo 33.2 da Lei 55/2003, de 16 de decembro (BOE núm. 301, de 17 de decembro), polo que se aproba o Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos servizos de saúde, ou a renuncia do mesmo, realizarase a adxudicación á favor da seguinte persoa aspirante coa maior puntuación acadada.

Contra a presente resolución que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada, perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade ca Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Ourense, a 18 de marzo de 2025
O presidente do Padroado
Xerente da Área Sanitaria de Ourense, Verín e
O Barco de Valdeorras
José Santiago Camba Bouzas



DILIXENCIA:

Para facer constar que o día 18 de marzo de 2025 publicase a presente convocatoria nos taboleiros de anuncios da Escola Universitaria de Enfermería Ourense e na páxina web da Escola de Enfermería, así como nos taboleiros da Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras e na páxina web do Sergas.

A Directora da Área Sanitaria
Inés Garrido González

ANEXO I: BAREMO DE MÉRITOS

1. TITULACIÓN / FORMACIÓN ACADÉMICA

Puntuación máxima deste apartado: 25 puntos.

a) Expediente académico (nota media do expediente. A suma dos puntos acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas).

Matrícula de honra	5
Sobresaliente	4
Notable	3
Aprobado	2

b) Tese de Doutoramento

Sobresaliente "cum laude"	5
Sobresaliente	4
Notable	3
Aprobado	2

c) Especialidade. Polo título de unha ou varias especialidades de Enfermería recoñecidas na normativa vixente, que non sexan requisito para o acceso a praza a que se opta. 2 punto. Máximo 6 puntos.

d) Outras titulacións:

- Polos estudos correspondentes a licenciaturas, grao relacionados directamente coa materia materia obxecto da convocatoria: 5 puntos
- Polos estudos correspondentes a licenciaturas, grao, enxeñarías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes: 1 punto.
- Titulacións de Posgrao: Máster oficial expedido por unha Universidade: 0.5 puntos. Máximo 3 puntos.

2. EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Valorarase a calidade dos traballos publicados, proxectos, comunicacións en congresos, etc. correspondentes á área de coñecemento de ciencias da saúde, ata un máximo de 10 puntos.

a) Publicacións: libros, capítulos de libros, artigos científicos, patentes. Nos artigos científicos en co-autoría, dividirase polo número de participantes.

- 0,5 puntos por mérito. Máximo de 1 punto.

b) Relatorios e comunicacións en congresos, simposios, xornadas, elaboración de protocolos clínicos, etc.

- 0,25 puntos por mérito. Máximo de 2 puntos.

c) Participación xustificada en proxectos de investigación subvencionados en convocatorias oficiais, outros proxectos I+D en empresas ou institucións.

- 0,5 puntos por mérito. Máximo de 1 punto.

d) Por dirección de teses.

- 0,5 puntos por mérito. Máximo de 2 puntos no apartado.

e) Por dirección de TFG.

- 0,15 puntos por mérito. Máximo de 2 puntos no apartado.

f) Outros méritos de investigación (membros de comités científicos, membros de comité organizador de congresos, revisións de publicacións científicas).

- 0.25 puntos por mérito. Máximo de 2 puntos.

3. EXPERIENCIA DOCENTE

Puntuación máxima da suma das alíneas aquí incluídas: 20 puntos

a) Docencia Universitaria

1. Docencia en Escolas de Enfermería do SERGAS:

- 3 puntos por cada ano de docencia na materia obxecto da convocatoria

- 2 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación profesional exclusiva/ tempo completo ao centro.

- 0,5 puntos por cada ano en réxime de dedicación profesional a tempo parcial ao centro.

2. Docencia en Universidades:

- 0,5 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación profesional a tempo completo ao centro.

- 0,1 puntos por cada ano en réxime de dedicación profesional a tempo parcial ao centro.

b) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada (CAP ou Master en Profesorado): 0,5 puntos.

c) Acreditación ACSUG/ANCA: 1 punto.

d) Acreditación como formador de cursos de Formación continuada da Axencia de coñecemento e Innovación do Sergas: 1 punto.

4. EXPERIENCIA PROFESIONAL

Valorarase unicamente a experiencia profesional que se axuste ao perfil definido na convocatoria da praza: ata un máximo de 15 puntos. Non se puntuará a experiencia profesional non relacionada co perfil.

a) Actividade profesional como enfermeira con praza en propiedade no SERGAS: 0,5 puntos por ano.

b) Actividade profesional como enfermeira con contrato temporal no SERGAS: 0,125 puntos por ano.

Nos casos de contratos por períodos inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación

c) Actividade profesional como enfermeira noutros centros públicos do sistema Nacional de Saúde: 0,05 por ano.

d) Actividade profesional como enfermeira noutros centros sanitarios privados/concertados 0,01 por ano.

5. OUTROS MÉRITOS

Puntuación máxima da suma das alíneas aquí incluídas: 5 puntos

a) Por ser coordinador de grao, sistema de garantía de calidade nunha Escola de Enfermería do SERGAS ou

nunha Universidade pública: 2 puntos por ano.

b) Por ser coordinador/a do Plan de Acción Titorial, convenios Erasmus-alumnado nunha Escola de Enfermería do SERGAS ou unha Universidade pública: 1 punto por ano.

c) Por ser coordinador/a dos Programas estratéxicos dunha Escola de Enfermería do SERGAS ou nunha Universidade (Programa Igualdade, programa PIUNE; etc): 0,5 puntos por ano.

d) Ser titor acreditado de alumnos de EIR/MIR/PIR/FIR.....: 0,125 puntos por ano

6. PROXECTO DOCENTE

Valorarase o proxecto presentado, de acordo coa súa adecuación á área da praza obxecto de concurso: ata un máximo de 25 puntos. As puntuacións ponderaranse de acordo co seguinte cadro de porcentaxes:

1. TITULACIÓN	25
2. EXPERIENCIA INVESTIGADORA	10
3. EXPERIENCIA DOCENTE	20
4. EXPERIENCIA PROFESIONAL	15
5. OUTROS MÉRITOS	5
6. PROXECTO DOCENTE	25
Total	100

ANEXO II
SOLICITUDE PARA CONVOCATORIA DE POSTO DE PROFESOR/A NA ESCOLA UNIVERSITARIA DE
ENFERMERÍA DE OURENSE

DATOS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI	DATA NACEMENTO
DOMICILIO			
CÓDIGO POSTAL E LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

EXPÓN:

Que se atopa en posesión dos requisitos esixidos na convocatoria de data para optar ao posto de profesor/a a tempo completo na Escola Universitaria de Enfermería.

SOLICITA:

Ser admitido/a na convocatoria ao posto de profesor/a na materia

Para o cal presenta a seguinte documentación:

1.-
2.-
3.-
4.-
5.-
6.-

Ourense, ade..... de 202...

Sinatura do/a Solicitante

SR/A XERENTE DA AREA SANITARIA DE OURENSE, VERIN E O BARCO DE VALDEORRAS

